

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia." e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos recollidos nel.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia introdución do Decreto na área de Educación plástica e visual, baseándose na comprensión e na experimentación de diferentes correntes artísticas, autores e diversos materiais, tanto para coñecer e valorar a obra de outros como para a súa propia creación. Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e impartirase en lingua estranxeira: inglés, ao pertencer o centro a rede de centros plurilingües. Empregarase a metodoloxía AICLE/CLIL e agárdase poder contar co apoio de persoal auxiliar de conversa ao longo de todo o curso, para poder afianzar esta metodoloxía.

Fomentárase que o alumnado descubra as súas posibilidades expresivas, estimulando a súa capacidade creativa, e educando á súa mirada cara expresións artísticas de diferentes tipos. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal, aplicando o aprendido en tarefas levadas a cabo en diferentes áreas. Promoverase a creatividade e a expresión artística máis aló da materia de plástica como unha linguaxe máis.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Potenciar a imaxinación, a creatividade, a autoestima e a intelixencia emocional do alumnado.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar diferentes elementos plásticos como recursos expresivos.

Darase especial importancia a poñer ao seu alcance variedade de técnicas e materiais cos que explorar para que o alumnado saiba expresarse a través da expresión plástica e audiovisual.

O número de alumnado do nivel foi inicialmente de 50 e repartíndose do seguinte xeito:

17 alumnas e alumnos en 1ºA  
17 alumnas e alumnos en 1ºB  
16 alumnas e alumnos en 1ºC

Nesta programación contémpanse 3 unidades didácticas, distribuídas do seguinte xeito:

UD1 - Stories about us. Primeiro trimestre.  
UD2 - Stories from the forest. Segundo trimestre.  
UD3 - Stories from the sea. Terceiro trimestre.

Esta secuencia didáctica partirá da realidade máis próxima do alumnado para avanzar cara a realidade máis afastada, atendendo deste xeito ás súas características psicoevolutivas. Compre indicar que nesta etapa o alumnado toma conciencia do seu esquema corporal e afianzará a lateralidade e motricidade fina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Stories about us.	Introduciremos linguaxe específico da materia en lingua estranxeira e elementos básicos na clase de plástica (cores, tipos de liñas, materiais técnicos) dende unha perspectiva moi persoal. O centro de interese será a realidade máis próxima ao alumnado.	30	13	X		
2	Stories from the forest.	Esta unidade xirará en torno aos bosques. Empregando elementos da natureza e reciclados, representaranse con diferentes técnicas animais do bosque, árbores e mesmo faremos as nosas propias macetas.	30	11		X	
3	Stories from the sea.	O mar achegaranos diferentes motivos para traballar como son os peixes,	40	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Stories from the sea.	embarcacións, elementos da praia... E daremos vida a animais do mar coa realidade aumentada.	40	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Stories about us.	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identificar algún xénero nas obras mostradas.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosar escoita activa.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Seguir os pasos para a realización das tarefas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Recoñecer que queren expresar coas súas creacións.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar encracións plásticas cooperativas con respecto.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participar nas producións grupais empregando os elementos suxeridos.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as súas creacións, valorando o seu propio traballo.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Escoitar as explicacións das tarefas dos compañeiros.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Amosar curiosidade por propostas audiovisuais.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir cando menos unha característica ou elemento de manifestacións audiovisuais		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Amosar interese por a procura de información.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar o significado de certas manifestacións culturais e artísticas traballadas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosar unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear de xeito sinxelo propostas audiovisuais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Recoñecer que queren expresar coas súas creacións.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar no deseño de de pequenas producións audiovisuais.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participar nas producións audiovisuais grupais con respecto.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar dun xeito mínimo o proceso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar as diferentes representacións e ideas que poidan representar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Stories from the forest.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identificar algún xénero nas obras mostradas.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir brevemente 1 ou 2 elementos das obras presentadas (tipos de cores, tipo de arte: abstracta ou realista)		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aprender a procurar información sobre diferentes artistas ou estilos artísticos.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Amosar respecto por diferentes formas de arte e representacións culturais.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosar respecto por diferentes formas de arte.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Creación das diferentes propostas seguindo os pasos indicados.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Recoñecer que queren expresar coas súas creacións.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar en creacións plásticas cooperativas respectando as agrupacións propostas.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participar en producións grupais empregando os elementos suxeridos.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosar unha actitude positiva cara o traballo propio e alleo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Stories from the sea.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identificar algún xénero nas obras mostradas.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir brevemente polo menos 2 elementos das obras presentadas (tipos de cores, tipo de arte: abstracta ou realista, materiais empregados)		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Amosar respecto por diferentes formas de arte e representacións culturais.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosar respecto por diferentes formas de arte.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Creación das diferentes propostas seguindo os pasos indicados.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Recoñecer que queren expresar coas súas creacións.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar en creacións plásticas cooperativas respectando as agrupacións propostas.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participar en producións grupais empregando diferentes elementos suxeridos.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosar unha actitude positiva cara o traballo propio e alleo.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Amosar curiosidade por diferentes tipos de propostas artísticas audiovisuais.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosar respecto polas propostas audiovisuais presentadas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Creación de sinxelas propostas audiovisuais seguindo os pasos indicados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

## Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En canto ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo do curso. Traballarase a totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, cando menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes.

Traballaremos coa metodoloxía AICLE/CLIL, xa que esta materia é impartida en lingua estranxeira. A compoñente lingüística formará parte das rutinas nas sesións de Arts, nas que estarán presentes as lecturas ou presentacións audiovisuais en lingua estranxeira que nos sirvan como elemento motivador.

Traballarase o vocabulario que imos empregar durante a sesión (nome dos materiais, técnicas a utilizar, elementos da produción artística...) tentando que o alumnado, ademais de comprendelo, sexa quen de interiorizalo e reproducilo.

Na fase da sesión na que os alumnos estarán elaborando e/ou experimentando coas propostas do día, tanto a docente coma a auxiliar de conversa acompañarán o proceso facendo preguntas, repetindo o nome dos diferentes elementos... Realizaran traballos en pequeno grupo, por parellas ou de xeito individual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: docentes e auxiliar de conversa.
Recursos materiais: lapis, papeis de diferente tipo, tesoiras, pegamento, plastilina, arxilas, témperas, ceras, pinceis, rotuladores, materiais de orixe da natureza (follas, froitos, pedras do mar) e material reutilizado (cartóns de papel, catálogos, etc)
Recursos tecnolóxicos: panel dixital e tablets de préstamo da biblioteca escolar...
Recursos dixitais: Aplicacións web que poidamos precisar empregar ao longo do curso. Software libre.
Recursos espaciais: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro e o patio de recreo.

Recursos persoais. Traballarase en coordinación cos docentes especialistas de lingua estranxeira e agardase que se poida contar cunha auxiliar de conversa dende outubro ata final de curso.

Recursos materiais: Empregarase material funxible e de uso común na aula, así como outros materiais plásticos comercializados e farase fincapé no uso de materiais procedentes da natureza ou da reutilización de materiais de uso cotián.

Recursos tecnolóxicos: aproveitarase o panel dixital instalado na aula para presentacións e outros recursos audiovisuais e usaranse as tablets de préstamo da biblioteca escolar en actividades de creación audiovisual.

Recursos dixitais: Fundamentalmente será usado para a reprodución e creación de presentacións, vídeo, para animar imaxe, etc.

Recursos espaciais: a actividade desenvolverase principalmente na propia aula ordinaria, se ben se fará uso da biblioteca do centro (por exemplo para a pescuda de información) ou o propio patio na procura de elementos naturais.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Leranse os informes referentes aos diferentes alumnos e realízase unha creación artística libre e un debuxo do seu esquema corporal como tarefas de avaliación inicial. Este será o punto de partida no que poderemos observar e identificar certas necesidades e servirá tamén como punto do que partir para observar e avaliar a evolución.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A totalidade dos Criterios de Avaliación serán avaliados a través de táboas de indicadores que analizarán, ademais das producións do alumnado, a súa escoita, capacidade de observación e análise, o seu interese e respecto polos diferentes tipos de creacións, artistas, etc.

O peso das diferentes unidades quedaría distribuído da seguinte maneira:

1º trimestre: Unidade 1 - 100%

2º trimestre: Unidade 2 - 100%

3º trimestre: Unidade 3 - 100%

Respecto á cualificación final, empregaremos o seguinte criterio:

1º trimestre: 30%

2º trimestre: 30%

3º trimestre: 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na avaliación seguinte.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Contarase co apoio da auxiliar de conversa, o que facilita unha atención máis individualizada e a detección de necesidades que poidan xurdir.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo e outras medidas ordinarias que procedan.

Por outra parte, aplicaranse medidas extraordinarias para aquel alumnado que o requira, por resultar as medidas ordinarias insuficientes.

Terá prioridade a coordinación entre o equipo docente e con o Departamento de Orientación, de xeito salientable coa xefatura de dito departamento, atendendo as propostas de valoración a considerar obtidas das diferentes fontes de información das que se dispón.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable		X	
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.10 - Non discriminación por razón da orientación sexual ou de identidade de xénero.	X	X	X

### Observacións:

Dende esta área tratarase de traballar unha grande cantidade de elementos transversais, pois é unha materia que pode servir de punto de reunión de moitos deles. Destaca especialmente a comunicación audiovisual no traballo dos bloques 3 e 4, o fomento da creatividade, a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación no achegamento a diferentes autoras e autores, o consumo responsable dende a reutilización e a educación emocional e en valores polo compoñente comunicativo das producións plásticas e audiovisuais.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Complementarias	Variedade de propostas que os diferentes equipos poden achegar.			

### Observacións:

Moitas das diferentes conmemoracións suxeridas no calendario escolar servirán para poñer en práctica as habilidades plásticas do alumnado, contribuíndo a estas dende a área.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos contidos traballados ás características do alumnado e a súa contorna.
Distribución dos contidos ao longo da programación.
Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación empregados.
Metodoloxía empregada
Adecuación da metodoloxía ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Optimización de recursos (materiais, persoais, espaciais).
Medidas de atención á diversidade
Atención ao alumnado NEAE e eficacia das medidas de atención á diversidade propostas.
Actividades de reforzo e ampliación axeitadas.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades.
Clima de aula.
Traballo en equipo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participación da comunidade educativa, incluíndo ás familias.
Outros
Progreso global do alumnado en base ao seu nivel inicial.
Valoración global do alumnado positiva.

### Descrición:

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

Valoraranse propostas de cambio ou mellora na programación didáctica de cara á elaboración das dos seguintes cursos.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No referido ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Recollerase as actividades realizadas e as non realizadas, como proposta de mellora ou conveniencia de realizalas nos seguintes cursos en base á súa pertinencia pedagóxica e/ou organizativa.

## **9. Outros apartados**